

XI CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

BASES DO CERTAME

- 1. Temática e idioma:** A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.
- 2. Categorías:**
 - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
 - ❖ CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
 - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).
- 3. Modalidades:**
 - ❖ POESÍA (de 30 a 60 versos)
 - ❖ RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.
- 4. Presentación:** cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiranse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo) ou ao correo-e: arumescorgo@gmail.com. Deberán enviarse no mesmo correo dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro co lema que distinga o traballo, no que constará, no seu interior nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Este segundo arquivo, será custodiado pola xunta directiva da Asociación Cultural Arumes do Corgo, entregando unicamente ao xurado a obra e o lema da mesma.
- 5. Prazo:** o prazo de entrega rematará o día 21 de novembro de 2017.
- 6. Premios:** para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato. Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. A maiores, os 1º premios recibirán un libro electrónico.

- 7. Xurado:** estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.
- 8. Entrega de premios:** a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 16 de decembro de 2017 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.
- 9. Non premiados:** Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non solicitan a súa devolución.
- 10. Outros:** A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

ORGANIZA: ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO



COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO